



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN DE SOCIEDADES GALLEGAS DE CUBA PARA O MANTEMENTO DA OFICINA DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO EN CUBA E DOS PUNTOS DE INFORMACIÓN PROVINCIAIS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Federación de Sociedades Gallegas de Cuba o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2021.

Que o presente Convenio é coherente co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, correspondéndose co o seu Eixe E2: “Benestar das persoas e as familias e cohesión social” así como co seu obxectivo estratéxico OE02: “Impulsar os servizos sociais e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como aos retornados, para garantir o seu benestar. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza das persoas inmigrantes e calquera forma de discriminación”.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes do presente convenio para articular o financiamento dos gastos de funcionamento da Oficina de Información da Federación de Sociedades Galega de Cuba ubicada na súa propia sede.

A dita oficina ten como finalidade a realización de actividades de información, difusión e asesoramento á colectividade galega e de colaboración na xestión dos programas e actuacións desenvolvidos a prol dos galegos residentes no exterior e dos puntos de información ubicados noutras provincias de Cuba.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Federación de Sociedades Gallegas de Cuba é unha entidade sen ánimo de lucro que agrupa a un total de corenta e seis sociedades galegas, rexistrada como federación galega no Rexistro de Comunidades Galegas da Secretaría Xeral da Emigración e ten a súa sede social no Palacio do antigo Centro de La Habana. Dispón de importantes instalacións, e é a entidade galega de referencia en todo o país caribeño, e desenvolve actividades que contribúen a manter e reforzar os vínculos coa galegitude cubana e a difusión do noso patrimonio cultural e artístico.

Na sede de dita entidade ven funcionando desde o ano 2007 a Oficina de Información e Asesoramento, creada ao abeiro do convenio de colaboración asinado o día 6 de xuño daquel ano, a través da que se está a desenvolver unha labor de difusión, asesoramento, información e colaborar na xestión das solicitudes dos programas e





actividades que executa a Secretaría Xeral da Emigración, e se presta un servizo de calidade e proximidade á galeguidade residente en Cuba.

Para a realización das actividades descritas no presente convenio, a Secretaría Xeral da Emigración achegará sesenta e cinco mil euros (65.000 €), con cargo a aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

A previsión, con carácter excepcional, da xustificación de pagos de gastos de escasa contía por importe inferior a 1.000 € mediante o recibo do provedor fundaméntase, por unha banda, na propia natureza da entidade sen fin de lucro, e na tipoloxía dos gastos que se subvencionan que teñen que afrontar con carácter inmediato, mediante o seu pagamento en efectivo a través da caixa da propia entidade, e por outra, pola propia operativa do sistema bancario e da normativa do país que non obriga a efectuar o pago deste tipo de gastos a través de entidades bancarias, admitindo como xustificante de pago a propia factura, sen máis, posto que esta non se emite ata que estea efectuado o seu pagamento, e os provedores dos bens ou servizos non efectúan o subministro se non se lle fai o pago en efectivo.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento dunha axuda de carácter singular, que non se enmarca dentro da súa actuación xeneralizada de axudas, baseándose no disposto no artigo 19.4c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

